

MOCIÓN Nº1 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE SENDA PEONIL DA ESTRADA LU-160

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Actualmente existe un tramo de senda peonil paralelo ao marxe esquerdo da estrada autonómica LU-160 que discorre entre o punto quilométrico 17,470, en Vilaúde, e o punto 18,720, en Reirado. Esta senda é utilizada diariamente por moitos veciños que, aparte de solicitar melloras no tramo existente, en numerosas ocasións desde a súa construción amosaron o seu desexo de que esta senda continúe ata o límite co concello veciño de O Valadouro.

Na actualidade os veciños deben camiñar polo arcén da LU-160, xa que non hai beirarrúas en ningún dos marxes do vial ata chegar ao concello do Valadouro, o que confire un risco para os peóns debido ao grande número de vehículos lixeiros e pesados que diariamente transitan por esta estrada.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que a construción do tramo restante desta senda daría lugar a que os peóns dispuxeran dun espazo seguro e cómodo polo que camiñar, respondendo ademais á demanda desta obra da que a Xunta xa prometera a súa execución no ano 2012. Así mesmo, presentouse unha moción ao respecto, por parte do Grupo Municipal de Veciños Independentes de Alfoz, o 13 de novembro de 2017.

Por outra banda, debemos indicar que a actual senda carece de sinalización axeitada polo que en algunha ocasión, a pesar do seu carácter peonil, é utilizada por bicicletas, cabalos ou motocicletas, supoñendo un risco para os peóns. Ademais disto, e a pesar de discorrer fronte ao IES Alfoz-Valadouro, carece dun paso de peóns que poda dar acceso ao centro, cruce que sería viable debido á actual limitación do tramo a 50 Km/h. Ademais, as varandas de madeira debería revisarse xa que algunhas están soltas sendo un perigo para os peóns e mesmamente para os vehículos.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

ACORDO:

Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a realización das seguintes obras:

1. Execución do tramo restante da senda peonil entre os puntos quilométricos 18,720 e 19,290.
2. Colocación de sinalización tanto no tramo existente da senda como no de nova execución, indicando o seu uso exclusivo para peóns.
3. Reparación da varanda de madeira existente.
4. Colocación dun paso de peóns fronte ao IES Alfoz-Valadouro.

En Alfoz, a 24 de maio de 2022



Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz